

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE**

ORDE do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR351F).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, do emprego e da formación e, a través do Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; do Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e o Decreto 123/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Corresponde, pois, á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para o exercicio orzamentario 2024, a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as cales están as medidas dirixidas, por unha banda, a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego e de acordo coa Axenda 20 para o Emprego.

Entre as competencias que, en materia laboral, corresponden a esta comunidade autónoma, conforme o establecido no artigo 29.1 do Estatuto de autonomía de Galicia, está a de promoción do emprego. Para lograr a converxencia con España e a Unión Europea, Galicia deberá aumentar a súa taxa de emprego mellorando as condicións de empregabilidade e propoñendo oportunidades de integración social e laboral, especialmente entre aqueles grupos que teñen unha menor participación no mercado de traballo e que presentan un maior risco de exclusión e, consecuentemente, maiores dificultades para a súa inserción social e laboral.

Pola súa banda, a disposición adicional segunda do Real decreto 818/2021, do 28 de setembro, que regula os programas comúns das políticas activas de emprego, establece que as comunidades autónomas poderán desenvolver programas propios adaptados á

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



realidade do seu ámbito territorial, programas como o presente, de axudas ás entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga).

A Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, recolle no título IV os mecanismos de acción positiva na formación para o emprego e as demais políticas activas de emprego a favor das persoas en situación ou risco de exclusión social.

En coherencia co exposto, e para dar cumprimento a ese mandato legal, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade implementa para o ano 2024 un programa dirixido a fomentar a mellora da empregabilidade a través da adquisición de experiencia profesional mediante a contratación subvencionada de persoas desempregadas de moi difícil inserción laboral e/ou en risco de exclusión social, beneficiarias da renda de integración social de Galicia (Risga).

Consecuentemente, a presente orde regula a convocatoria de subvencións ás entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, de conformidade co establecido na normativa estatal básica da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do regulamento que a desenvolve, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo), na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no regulamento que a desenvolve, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. A presente orde adaptárase á dita normativa, atendendo en todo caso aos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

A distribución provincial de créditos para o financiamento destes programas realizarase tendo en conta o número de persoas desempregadas e a evolución do paro rexistrado no período 2019-2023, a evolución da poboación no citado período e o número de persoas perceptoras da Risga existentes en cada concello de Galicia en 31 de decembro do ano 2023.

A presente orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto; na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, polo que queda a concesión das subven-



cións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

As subvencións contidas nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 13.30.322C.460.3 (código de proxecto 2015 00532) por un importe global de 7.698.398 euros, contida no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 (procedente de fondos finalistas), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 18 de outubro de 2023.

Os ditos créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e de Asuntos Laborais, nos supostos e nas condicións previstas nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A solicitude, tramitación e concesión das subvencións obxecto da presente orde axustaranse ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

En consecuencia, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e a Federación Galega de Municipios e Provincias, logo dos informes favorables da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Intervención Delegada, e tendo en conta as regras establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no que resulte de aplicación, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en virtude das atribucións que teño conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a convocatoria pública das axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), co obxecto de proporcionarles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral (código de procedemento TR351F), e a aprobación da súa convocatoria para o ano 2024.

2. A convocatoria das subvencións previstas nesta orde tramitarase de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. *Financiamento*

1. O financiamento destas axudas efectuarase con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dos créditos consignados na aplicación 13.30.322C.460.3 (código de proxecto 2015 00532), do proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 (procedente de fondos finalistas), aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 18 de outubro de 2023, por un importe global de 7.698.398 euros.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar, como máximo, ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da dita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Consonte o establecido no artigo 25.2 do Decreto 11/2009, do 11 de febreiro de 2009, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a concesión de subvencións queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito, para o ano 2024, adecuado e suficiente no momento da resolución.

2. Os ditos créditos estimados poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e de Asuntos Laborais, nos supostos e nas condicións previstas nos artigos 30 e 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



3. A distribución provincial de créditos para o financiamento das axudas previstas nesta orde será directamente proporcional ao número de persoas paradas e á evolución do paro rexistrado no período 2019-2023 e inversamente proporcional á evolución da poboación no citado período, e terá en conta o número de persoas perceptoras da Risga existentes en cada concello en 31 de decembro de 2023.

4. Para os efectos de garantir unha distribución o máis equitativa posible dos recursos entre os distintos concellos que poidan participar nesta convocatoria, asignarase a cada entidade solicitante unha axuda inicial equivalente ás contratacións que lle correspondan en función do número de persoas perceptoras da Risga, de conformidade co tramo en que se atope cada un segundo a seguinte escala:

- a) De 1 a 10 persoas perceptoras da Risga: ata 2 contratacións.
- b) De 11 a 50 persoas perceptoras da Risga: ata 5 contratacións.
- c) De 51 a 100 persoas perceptoras da Risga: ata 10 contratacións.
- d) De 101 a 700 persoas perceptoras da Risga: ata 20 contratacións.
- e) De máis de 700 persoas perceptoras da Risga: ata 40 contratacións.

5. Para a máxima eficacia destas axudas, calquera sobrante de crédito que poida producirse tras as resolucións de concesión ditadas de conformidade co establecido no punto anterior será asignado aos solicitantes das axudas polo órgano competente, atendendo ao número de persoas perceptoras da Risga existentes en cada concello en 31 de decembro de 2023.

Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das axudas e subvencións previstas nesta orde os concellos e as agrupacións de concellos baixo calquera fórmula, sempre que todos eles dispoñan de capacidade técnica e de xestión suficientes para a execución do obxecto para o cal se concede a subvención.

2. Non poderán ser beneficiarias as entidades que estean incursas nalgunha das circunstancias establecidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



3. En todo caso, a solicitude conxunta de subvención para o desenvolvemento dun servizo ou programa exclúe a posibilidade de solicitude individual.

Artigo 4. *Contía da subvención*

1. O importe da subvención que se concederá ás entidades beneficiarias será o equivalente ao necesario para sufragar os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos, na mesma cantidade que a fixada para o salario segundo o convenio colectivo vixente no momento de formular a solicitude, por cada persoa desempregada contratada que reúna os requisitos establecidos no artigo 13 da presente orde, cos seguintes importes salariais máximos subvencionables:

Para os grupos de cotización 1 e 2: 18.703,12 €.

Para os grupos de cotización 3 a 7: 14.962,50 €.

Para os grupos de cotización 8 a 10: 11.893,32 €.

2. O importe da subvención por cada contratación reducirase proporcionalmente en función da xornada realizada. En todo caso, e con independencia da xornada de traballo a tempo completo ou a tempo parcial, a xornada de traballo subvencionable será como máximo do 75 % e non poderá, en ningún caso, ser inferior ao 50 %.

3. Para os efectos destas subvencións, non se consideran custos salariais subvencionables o importe da indemnización prevista polo artigo 49.1.c) do Estatuto dos traballadores, así como os incentivos e gratificacións extrasalariais que non formen parte da base de cotización.

Así mesmo, non computan as situacións con dereito a retribución en que non se presta servizo efectivo, como as ausencias ou as incapacidades temporais.

Para calcular os custos do persoal terase en conta o tempo de traballo efectivo, incluíndose as vacacións, os días de libre disposición, ou o tempo de asistencia a cursos de formación relacionados co posto de traballo.

4. O importe das subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas, para a mesma finalidade, doutras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión



Europea ou internacionais, coas que é compatible, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

Artigo 5. *Presentación de solicitudes e prazo*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado do anexo I, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. Forma parte da solicitude a declaración responsable que contén e que fai constar os aspectos seguintes:

a) O cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e, especificamente, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

b) O conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes.

c) Que a entidade local cumpriu coa súa obriga de remisión das contas xerais de cada exercicio ao Consello de Contas, de acordo co estipulado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas. No caso de solicitudes presentadas por agrupacións de concellos, cada concello deberá cumprir coa citada remisión.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-prn1-yz7rxvfkfgq5



3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se este último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non hai día equivalente, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

4. A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras.

5. O feito de non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Cada entidade só poderá presentar unha solicitude. No caso de presentación de varias solicitudes, só se terá en conta a última achegada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Artigo 6. *Documentación complementaria*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificación da persoa secretaria da entidade local en que consten os seguintes datos:

1º. A representación que desempeña a persoa que asina a solicitude.

2º. A aprobación polo órgano competente da entidade local da obra ou servizo de interese xeral ou social para o cal se vai contratar a persoa traballadora obxecto de solicitude de subvención.

3º. A disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas por aquela.

4º. As retribucións salariais brutas das persoas traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mais as cotizacións empresariais á Seguridade Social, con referencia á publicación oficial do

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



convenio colectivo que resulte de aplicación, xuntando as táboas salariais vixentes no momento da solicitude.

b) Para o caso de agrupacións de concellos baixo calquera modalidade: copia do convenio de colaboración, se é o caso, e memoria explicativa da prestación conxunta do proxecto con indicación das contribucións económicas e achegas dos concellos agrupados.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se vaia presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 7. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI da persoa que, en nome e representación da entidade, solicita a concesión da subvención.

b) NIF da entidade solicitante.

c) Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social.

d) Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia.

e) Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

f) Consulta de concesión de subvencións e axudas.

g) Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-prn1-yz7rxvfkfgq5



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, de ser o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no punto 4 do citado artigo 3.1.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



Artigo 11. Procedemento de concesión

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instrutor do procedemento será o Servizo de Apoio ao Emprego, Emprendemento e Economía Social da respectiva xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, que formulará a proposta de resolución, tras comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder a subvención, sen que interveña unha Comisión de Valoración.

Artigo 12. Resolución

1. A resolución dos expedientes das axudas reguladas na presente orde, unha vez fiscalizadas pola intervención territorial delegada, corresponde á persoa responsable da respectiva xefatura territorial por delegación da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

2. O prazo máximo de resolución e notificación será de tres meses contados a partir da finalización do prazo de presentación da solicitude. Se no prazo indicado non se dita resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo, de acordo co disposto no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A resolución da concesión de subvención fixará expresamente o importe da axuda (en equivalente bruto de subvención) e incorporará, de ser o caso, as condicións, as obrigas e as determinacións accesorias a que deba estar suxeita a entidade beneficiaria.

4. As resolucións ditadas poñen fin á vía administrativa e, contra elas, poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto, no prazo dun mes desde a súa notificación, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



5. A obtención da subvención quedará condicionada á existencia de crédito dispoñible, de acordo co establecido no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. As subvencións concedidas ao abeiro desta orde publicaranse, con expresión da entidade beneficiaria, da contía e da finalidade no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

8. Por outra parte, de conformidade co previsto no artigo 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 13. *Requisitos da contratación*

As contratacións deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) En todo caso, as contratacións polas cales se conceda a subvención deberán ser para a realización de obras ou servizos de interese xeral e utilidade social competencia das entidades locais.

b) Con independencia da duración do contrato, o período subvencionable para cada contrato será de nove meses. Os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución de concesión da subvención e, en todo caso, dentro do exercicio 2024.

Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, a persoa responsable da respectiva xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade poderá autorizar a prórroga do dito prazo establecido na resolución de concesión, logo da solicitude, para o efecto, da entidade beneficiaria.

c) A selección de persoas traballadoras que se contraten será realizada pola entidade local beneficiaria, que actuará de conformidade cos principios de publicidade, transparencia,

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



obxectividade, igualdade e non discriminación. Tanto a oferta como o proceso de selección utilizarán unha linguaxe inclusiva, e porán especial atención á eliminación dos estereotipos e posibles condutas discriminatorias por razón de xénero.

d) As persoas traballadoras que se contraten deberán ser, en todo caso, persoas perceptoras da Risga e estar inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Terán preferencia, en todo caso, as persoas perceptoras da Risga que teñan asignado un proxecto de inserción de carácter laboral, as maiores de 45 anos e as que teñan cargas familiares.

e) Calquera que sexa a entidade local que realice as contratacións, deberá solicitar as persoas demandantes non ocupadas necesariamente mediante a presentación da oferta específica do programa de contratación de persoas beneficiarias da Risga nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia. Excepcionalmente, mediante a autorización expresa da respectiva xefatura territorial, e logo da acreditación da condición de persoa beneficiaria da Risga por parte da entidade solicitante, poderán utilizarse ofertas especiais con vinculación nominal (persoas con discapacidade; persoas en risco de exclusión social; mulleres vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual).

f) Efectuada a selección das persoas traballadoras, a entidade beneficiaria procederá á súa contratación utilizando necesariamente a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

g) As incidencias e reclamacións que se poidan suscitar, derivadas dos procesos de selección, serán resoltas pola entidade local promotora.

h) Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego que busca incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura das ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas administracións públicas, incluso cando a entidade promotora sexa un organismo público. Neste último suposto, as persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego pública previa.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



i) As contratacións que se realicen non poderán ter por obxecto cubrir postos de traballo vacantes na relación de postos de traballo da entidade beneficiaria.

Artigo 14. *Substitución das persoas traballadoras*

1. Con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato antes de que remate o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade beneficiaria poderá contratar outra persoa en substitución daquela que causou baixa durante o tempo que falte para que remate o período subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da inicialmente contratada.

2. No suposto de baixas temporais por causas que se prevexa que sexan de longa duración, superior a 30 días, a substitución só será posible logo de autorización expresa da xefatura territorial correspondente por solicitude fundamentada da entidade contratante.

3. A nova contratación deberá cumprir os requisitos exixidos na orde de convocatoria para as contratacións iniciais subvencionadas, agás a de que o contrato teña unha duración de 9 meses, e deberá ser notificada á xefatura territorial, indicando a causa da baixa, nun prazo máximo de 15 días desde a correspondente contratación. Na notificación, a entidade beneficiaria deberá achegar os seguintes documentos:

- a) Parte de baixa na Seguridade Social da persoa substituída.
- b) Parte de alta na Seguridade Social e contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego da persoa substituta.
- c) Certificado de selección da persoa substituta, no modelo publicado na web institucional da Xunta de Galicia, agás que se trate dunha candidata que quedase en lista de espera na primeira selección e continúe en desemprego, e sexa perceptora da Risga no momento de formalizar a contratación.
- d) Documento de información da subvención, no cal conste a recepción asinada pola persoa traballadora.

4. Tanto no caso de extinción como de substitución por suspensión do contrato, a selección da persoa substituta deberá levarse a cabo logo de solicitude á correspondente oficina de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia, salvo que se trate de

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-prn1-yz7rxvfkfgq5



persoas candidatas remitidas por este na oferta inicial e cumpran a condición de demandante de emprego inscrita, desempregada e perceptora da Risga no momento da súa contratación.

5. De non producirse a substitución ou cando, aínda producíndose, a suma dos distintos períodos de contratación referidos a este posto de traballo for inferior ao período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, procederase á redución da subvención concedida polo importe correspondente. En ningún caso se poderá producir un incremento da subvención concedida, e deberá facerse cargo a entidade beneficiaria dos sobrecostos que estas substitucións comporten.

Artigo 15. *Xustificación e pagamento*

1. O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o cal foi concedida, que se xustificará mediante a presentación da seguinte documentación, na data límite establecida na resolución de concesión e, en todo caso, antes do 20 de decembro de 2024:

- a) Contratos de traballo formalizados e debidamente comunicados á oficina de emprego.
- b) Partes de alta na Seguridade Social xunto co informe de datos de cotización (IDC).
- c) Un certificado da persoa secretaria ou órgano competente da entidade local beneficiaria, en que conste:

1º. A formulación da correspondente oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, especificando o número identificador desta e a relación nominal das persoas traballadoras desempregadas facilitada por aquel, así como as persoas candidatas finalmente seleccionadas e contratadas.

2º. As retribucións salariais brutas das persoas traballadoras, en cómputo mensual, desagregadas por conceptos, incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e mais as cotizacións empresariais á Seguridade Social.

d) Unha declaración responsable do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, no modelo que se publica como anexo II.

e) Unha fotografía do cartel informativo en que se reflicta a súa localización, nos termos sinalados no artigo 17.1.a).

f) Os documentos de información ás persoas traballadoras da subvención debidamente asinados.

2. No suposto de non achegarse a devandita documentación, ou resultar incompleta, efectuaráselle un requirimento á entidade beneficiaria para que proceda a achegala no prazo de dez días hábiles seguintes á súa notificación, segundo o establecido no artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

3. Unha vez recibidos os fondos, a entidade beneficiaria deberá remitirle á xefatura territorial correspondente da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade unha certificación acreditativa da súa recepción.

Artigo 16. *Obrigas das entidades beneficiarias*

As entidades beneficiarias, ademais das establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Aceptación da subvención no prazo de 10 días, de conformidade co disposto no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Transcorrido o citado prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

b) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

c) Aboar ás persoas contratadas os salarios que legal ou convencionalmente lles correspondan e sexan acordes coa súa categoría profesional e titulación.

d) Con independencia do cobramento ou non da subvención, deberán satisfacer, no momento do seu vencemento e mediante transferencia bancaria, as obrigas económicas que deriven do funcionamento dos servizos subvencionados, especialmente as de carácter salarial.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



e) Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a Inspección de Traballo e Seguridade Social, ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Para os efectos dun correcto seguimento do desempeño das tarefas subvencionadas, a entidade beneficiaria da subvención deberá manter unha planificación permanentemente actualizada e respecto de cada unha das persoas traballadoras contratadas, no relativo ao lugar de realización do servizo e á distribución do tempo de traballo por día da semana. A dita planificación deberá estar á disposición da Administración actuante para achegala cando se lle requira.

f) Comunicar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade aquelas modificacións substantivas que afecten a realización da actividade que vaian desenvolver as persoas contratadas, co obxecto de que poida valorar se o seu carácter produce unha alteración substancial das condicións tidas en conta para a concesión da subvención.

g) Comunicar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público estatal ou internacional.

h) Realizar, cando proceda e por requirimento dos órganos competentes da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, unha valoración do nivel de competencia profesional, así como un informe global en que se describan tanto os puntos fortes como as carencias das persoas mozas demandantes de emprego sen titulación de tipo profesional que se incorporen ao mercado de traballo a través das axudas reguladas nesta orde.

Artigo 17. *Seguimento*

1. Co fin de efectuar un seguimento adecuado da execución dos proxectos mediante as subvencións reguladas nesta orde, a entidade beneficiaria deberá someterse ao cumprimento das seguintes obrigas:

a) No lugar onde se realicen os servizos e ata a súa finalización, deberá figurar, de forma visible, un cartel informativo, en modelo normalizado establecido e publicado na web institucional da Xunta de Galicia na ligazón: https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0043.html, no cal constará o cofinanciamento por parte dos servizos públicos de emprego.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



b) Utilizar os documentos de información ás persoas traballadoras da subvención no modelo normalizado na web institucional da Xunta de Galicia na ligazón:

https://empregoeigualdade.xunta.gal/axudas-subvencions/emprego?content=iniciativa_0046.html

2. Sen prexuízo da obriga de xustificación das subvencións percibidas nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na presente norma, as entidades beneficiarias das axudas deberán:

a) Manter un sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada de todas as transaccións realizadas con cargo aos proxectos subvencionados, referidos a operacións da afectación da subvención á finalidade da súa concesión.

b) Manter unha pista de auditoría suficiente e conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

c) Presentar ante a respectiva xefatura territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, no prazo de dous meses unha vez que teña finalizado a execución do proxecto subvencionado, a seguinte documentación:

1º. Unha memoria final sobre as actividades realizadas e a práctica profesional adquirida polas persoas contratadas.

2º. Un certificado de fin de servizo segundo o modelo que se publica na web institucional da Xunta de Galicia.

3º. Copias das nóminas aboadas ás persoas traballadoras que se contraten e dos boletíns de cotización á Seguridade Social (recibo de liquidación de cotizacións e relación nominal de traballadores ou documento equivalente expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social), así como os documentos bancarios correspondentes que acrediten o seu pagamento (transferencias bancarias necesariamente no caso das nóminas), o resumo anual de retencións sobre os rendementos do traballo (modelo 190 IRPF), e xustificantes do seu pagamento (modelo 111) correspondentes aos trimestres en que se desenvolveu o proxecto, unha vez que se dispoña deles.

4º. Documentación acreditativa do mantemento do sistema de contabilidade separada a que se refire o punto 2.a) deste artigo.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-prn1-yz7rxvfkfgq5



d) Someterse ás actuacións de comprobación sobre o terreo que, en virtude da mostra seleccionada estatisticamente e/ou segundo criterios baseados no risco, realice o persoal técnico da respectiva xefatura territorial.

Artigo 18. *Perda do dereito ao cobramento e reintegro*

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento das subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora, nos casos e nos termos previstos nos artigos 32 e 33 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

2. De conformidade co artigo 14.1.n) da citada Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, o importe para reintegrar determinarase de acordo cos seguintes criterios de gradación dos posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:

a) Incumprimento das condicións exixidas á entidade beneficiaria para a concesión da subvención: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado.

b) Non realizar a actividade ou adoptar un comportamento contrario ao que fundamenta a concesión da subvención: reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado.

c) Incumprimento do prazo establecido para a presentación da documentación xustificativa para o pagamento sinalada no artigo 15.2: procederá a perda total do dereito ao cobramento da subvención.

d) Incumprimento da obriga de presentación de documentación exixida no artigo 17.2.c): no caso de que non se presente ningunha documentación, procederá o reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado e, no suposto de presentación de parte da documentación exixida ou de que a documentación presentada sexa incorrecta, o importe para reintegrar será proporcional ao gasto non xustificado.

e) Incumprimento da obriga de satisfacer, con independencia do cobramento da subvención, e mediante transferencia bancaria, as obrigas económicas de carácter salarial mensualmente: cando o importe salarial aboado fóra de prazo sexa inferior ao 50 % do gasto subvencionado, o importe para reintegrar será equivalente ao importe aboado fóra do prazo establecido e, no suposto de que o importe salarial aboado fóra



de prazo sexa igual ou superior ao 50 %, procederá o reintegro do 100 % sobre o gasto subvencionado.

f) Incumprimento das obrigas en materia de publicidade establecidas no artigo 17.1: reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

g) Incumprimento da obriga de mantemento dun sistema de contabilidade separada ou unha codificación contable adecuada establecida no artigo 17.2.a): reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

h) Incumprimento da obriga de manter unha pista de auditoría suficiente establecida no artigo 17.2.b): reintegro do 2 % sobre o gasto subvencionado.

3. A obriga do reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 19. *Canle de denuncias*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados no marco da presente convocatoria, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento da Xunta de Galicia, a través da canle de denuncias da Xunta de Galicia, de comunicación de información en materia de integridade institucional, dispoñible na seguinte ligazón:

<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

Disposición adicional única

Apróbase a delegación de competencias da persoa titular da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade na persoa titular da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traba-llo Autónomo e Economía Social para autorizar e redistribuír os correspondentes créditos, e nas persoas responsables das correspondentes xefaturas territoriais desta consellería para resolver a concesión ou denegación das subvencións previstas nesta orde, para au-torizar, dispor, recoñecer as obrigas e propor os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas persoas beneficiarias, respecto das resolucións de concesión ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



Disposición derradeira primeira

Autorízase a persoa responsable da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2023

Elena Rivo López
Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO TR351F	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE			
ENTIDADE LOCAL		NIF	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA		

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)			

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia- Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
Envíaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal :	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN



**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE****ANEXO I
(continuación)****SUBVENCIÓN SOLICITADA**Solicítase unha axuda para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga.Importe total solicitado:

DENOMINACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS OU SERVIZOS

ESPECIFIQUE BREVEMENTE AS ACTUACIÓNS QUE SE PRETENDEN REALIZAR E QUE SERÁN OBXECTO DO TRABALLO DAS PERSOAS DESEMPREGADAS QUE PARTICIPEN NO PROXECTO

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADEANEXO I
(continuación)**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Que a entidade solicitante cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; especificamente, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
7. Que a entidade local solicitante ou entidades locais no caso de solicitudes presentadas por agrupacións de concellos cumpriron co seu deber de remisión das contas xerais de cada exercicio ao Consello de Contas, de acordo co estipulado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
8. Que, en relación co establecido no artigo 3 da orde de convocatoria, a entidade solicitante dispón de capacidade técnica e xestión suficiente para a execución dos proxectos solicitados.
9. Que, coa presentación desta solicitude, acepta a subvención, de resultar beneficiario/a.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Certificación da persoa secretaria da entidade local en que consten os aspectos sinalados no artigo 6.1.a).
- ☐ Táboas salariais vixentes no momento da solicitude.
- Para agrupacións de concellos:**
- ☐ Copia do convenio de colaboración, se é o caso.
- ☐ Memoria explicativa da prestación conxunta do proxecto, con indicación das contribucións económicas e achegas dos concellos agrupados.

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-prn1-yz7rxvfkfgq5

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADEANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social	☐
Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Tributaria de Galicia	☐
Consulta de concesión de subvencións e axudas	☐
Consulta de inhabilitación para obter subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ Si ☐ Non
Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria	☐ Si ☐ Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá. Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e), do RXPd, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos procedementos da súa competencia ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE****ANEXO I
(continuación)****LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 27 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR351F).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de

CVE-DOG: zur9fv81-a6z8-bj26-pm1-yz7rxvfkfgq5

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
PROMOCIÓN DO
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS

TR351F - SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POLAS ENTIDADES LOCAIS DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA

Nº DE EXPEDIENTE TR351F:

DATOS DA ENTIDADE DECLARANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

PRIMEIRO:

☐ Que non solicitou e non se lle concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas.

☐ Que solicitou e se lle concederon, ou están pendentes de resolución de concesión, axudas para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou das entidades vinculadas ou dependentes delas, a saber:

ORGANISMO/SOCIEDADE/ENTIDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO (SALARIAL OU OUTROS)	ESTADO (SOLICITADA/CONCEDIDA)	IMPORTE	DATA DE SOLICITUDE/CONCESIÓN

SEGUNDO: que o conxunto de axudas NON supera o 100 % do custo total en concepto de custos salariais e de Seguridade Social relativos á contratación das persoas traballadoras contratadas para a realización do servizo subvencionado no expediente de referencia.

TERCEIRO: que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nin é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de

Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade de

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>